

Informe da Directora Xunta de Escola, 23 de febreiro de 2023

1 Actividades de representación

- 16 de decembro. Realizouse na Escola o acto en memoria de Antón Couso.
- 28 de xaneiro. Asistencia da directora aos actos de celebración de Santo Tomé. No acto se entregaron os seguintes premios a estudantes e persoas egresadas do centro:
 - Premio acceso aos graos: Paulina Yuding Tomé
 - Premios extraordinarios de Grao: Óscar Domínguez (Grao ERME) e Iván Montenegro (Grao EE)
 - Premios Doutoramento: Iván Garrido e José Ignacio Iglesias.

2 Reunións de traballo

- 30 xaneiro, 1 e 9 de febreiro. Asistencia da directora á reunión convocada pola RAI e CODEIME, para elaboración do documento sobre a profesión na enxeñaría de minas, enerxía e materiais, elaborado no marco do convenio de colaboración RAI-CODEIME.
- 31 de xaneiro. Asistencia de María Araújo e da directora á reunión de organización e planificación, no seo da UVIGO, do Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga.
- 7 de febreiro. Asistencia de Francisco Deive á reunión convocada pola Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade para informar sobre as bolsas de formación (horarios, obxectivo formativo das bolsas, etc.).

Agradécese o traballo realizado polas persoas que participaron nestas actividades.

3 Mobilidade

Incorpóranse no segundo cuadrimestre 7 estudantes nos graos do centro:

- Sebastián Montenegro Casas (Universidad La Gran Colombia)
- Carolina Fabroni (Istituto Politecnico di Milano, Italia)
- Romain Gauducheu (ESAIP, Francia)
- Delphine Harmoy (ESAIP, Francia)
- Elfan Ozer (ESAIP, Francia)
- Julien Davy (ESAIP, Francia)
- Patricio Valenzuela Tamargo (Universidad Federico Santa María, Chile).

Agradécese a Francisco Deive o seu labor como responsable de RRII do centro.

4 Actividades de Divulgación Científica e Captación de Alumnado

4.1 Sesións informativas graos (a través do SIE)

Data	Colexio/IES	Curso	Número asistentes	PDI participante
27/11/2022	IES ROU	2º Bach	27	Elena Alonso
22/12/2022	IES Illa de Tambo	1º e 2º Bach	18	Francisco Deive
07/02/2023	IES Rodeira (Cangas)	2º Bach	27	María Araújo
16/02/2023	Colexio Los Sauces (Vigo)	2º Bach	14	Raquel Pérez
23/02/2023	IES Mendiño (Redondela)	1º Bach	27	Raquel Pérez

4.2 Conferencias nos IES

Data	Colexio/IES	Curso	Número asistentes	PDI participante	Actividade
15/12/2022	IES Breamo (Pontedeume)	2º Bach	30	Francisco Deive	Graos
16/12/2022	IES Primeiro de Marzo (Baiona)	2º Bach	36	Benito Vázquez	Luz e cor
19/12/2022	IES Carlos Casares (Vigo)	4º ESO, 1º e 2º Bach	178	Francisco Deive	Graos
20/12/2022	IES Castelao (Vigo)	1º Bach	90	Carlos Collazo	Cambio Climático
19/12/2022	IES Illa de Tambo (Pontevedra)	1º e 2º Bach	100	Benito Vázquez	Luz e cor
26/01/2023	IES de Allariz (Ourense)	1º e 2º Bach	37	Benito Vázquez	Luz e cor
20/12/2022	IES Sánchez Cantón (Baiona)	1º Bach	90	Benito Vázquez	Luz e cor
09/01/2023	IES Saturnino Montojo (Ferrol)	2º Bach	23	Francisco Deive	Graos
10/01/2023	IES As Pontes (As Pontes de García Rodríguez)	1º e 2º Bach	50	Francisco Deive	Graos
11/01/2023	CPR Tirso de Molina (Ferrol)	1º e 2º Bach	20	Francisco Deive	Graos
11/01/2023	IES Carvalho Calero (Ferrol)	1º e 2º Bach	11	Francisco Deive	Graos
12/01/2023	IES Isaac Díaz Pardo (Sada)	2º Bach	11	Francisco Deive	Graos
12/01/2023	Concepción Arenal (Sada)	2º Bach	40	Francisco Deive	Graos
13/01/2023	IES As Mariñas (Betanzos)	1º e 2º Bach	30	Francisco Deive	Graos
20/01/2023	CPR Compañía de María (Vigo)	1º e 2º Bach	45	Francisco Deive	Graos

24/01/2023	Centro Galego de Tecnificación Deportiva (Pontevedra) + IES Sánchez Cantón (Pontevedra)	2º Bach	15	Enrique Alonso	Conservación <i>Street Art</i> (Virtual)
25/01/2023	IES Antón Losada Diéguez (A Estrada)	1º Bach	40	Benito Vázquez	Luz e cor

4.3 Aula Aberta á TecnoCiencia

Data	Colexio/IES	Curso	Número asistentes	PDI participante	Actividade
15/12/2022	IES Beade (Vigo)	2º Bach	33	Xurxo Rigueira	Materiais
11/01/2023	IES Terra de Soneira (Vimianzo)	1º Bach	23	Jesús Rico e Pablo del Río	Combustión e Termografía Infravermella
13/01/2023	IES Monte da Vila (O Grove)	4º ESO e 1º Bach	47	Benito Vázquez e Raquel Pérez	Luz e cor; Combustión
16/01/2023	IES Xesús Ferro Couso (Ourense)	1º Bach	32	María Pazo e Daniel Lamas	Materiais e Xeotecnoloxías
17/01/2023	IES Beade (Vigo)	1º Bach	18	Francisco Deive; María Araújo e Xurxo Rigueira	Enx. Química e Enx. do Terreo
18/01/2023	IES de Soutomaior (Soutomaior)	1º e 2º Bach	30	Raquel Pérez	Intelixencia Artificial
18/01/2023	Colexio Miralba Hijas de Jesús (Vigo)	4º ESO	28	Benito Vázquez; Francisco Deive	Luz e cor; Enx. Química
24/01/2023	IES María Soliña (Cangas)	1º Bach StemBach	15	Raquel Pérez e Benito Vázquez	Combustión; Luz e cor
01/02/2023	Colexio Miralba Hijas de Jesús (Vigo)	1º e 2º Bach	35	Benito Vázquez; Francisco Deive	Luz e cor; Enx. Química
03/02/2023	CPR Quiñones de León (Vigo)	2º e 4º ESO	52	Xurxo Rigueira, Ana Larrañaga e Jesús Rico	Materiais e Combustión
14/02/2023	IES Castelao	1º Bach	80	Ana Larrañaga e Jesús Rico	Intelixencia Artificial
14/02/2023	IES Castelao	1º Bach	30	Bienvenido Diez	<i>Mineral Tails</i>
14/02/2023	IES Castelao	1º Bach	30	María Pazo	Materiais
14/02/2023	IES Castelao	1º Bach	20	Pablo del Río	Termografía Infravermella

4.4 Taller recoñecemento Minerais

Data	Colexio/IES	Curso	Número asistentes	PDI participante	Lugar
14/12/2022	IES A Guía (Vigo)	4º ESO e 1º Bach	15	Teresa Rivas e Laura Iglesias	IES
16/12/2022	CPI de Vedra (Vedra)	Primaria	45	Nuria Castro	CPI
20/12/2022	Colexio Juan Sebastián Elcano (Vigo)	1º ESO	10	Iago Pozo	IES
21/12/2022	IES Mondoñedo (Mondoñedo)	4º ESO e 1º Bach	36	Iago Pozo e Teresa Rivas	IES
21/12/2022	IES Monte Castelo (Burela)	4º ESO e 1º Bach	27	Iago Pozo e Teresa Rivas	IES
11/01/2023	IES Terra de Soneira (Vimianzo)	1º Bach	23	Iago Pozo	EME
07/02/2023	IES Politécnico de Vigo (Vigo)	1º Bach	30	Enrique Alonso	EME

4.5 Xornadas de Portas Abertas

Data	Colexio/IES	Curso	Número asistentes	PDI participante
18/01/2023	IES de Soutomaioir (Soutomaioir)	1º e 2º Bach	30	María Pazo; Ignacio Pérez
30/01/2023	IES Castelao (Vigo)	1º Bach	23	Ignacio Pérez; Pablo del Río; Enrique Alonso; Jesús Rico

4.6 Conferencias na EME

Data	Colexio/IES	Curso	Número asistentes	PDI participante	Charla
19/12/2022	IES Félix Muriel (Rianxo)	1º e 2º Bach	30	Iago Pozo	Graos

4.7 Campaña Día Mundial da Enerxía

Cambiose o cartel da fachada do edificio e deseñouse unha campaña para a celebración do Día Mundial da Enerxía o día 14 de febreiro.

4.8 Olimpíada de Xeoloxía

O 8 de febreiro, a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía volveu a ser sede provincial da fase galega da Olimpíada de Xeoloxía na súa XIV edición. A Olimpíada de Xeoloxía é unha actividade educativa organizada pola “Sociedade Geológica Española” e a AEPECT (“Asociación Española para la Enseñanza de las Ciencias de la Tierra”). En particular a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía recibiu 56 estudantes de 4º de ESO, 1º e 2º de Bacharelato, procedentes de seis centros da provincia de Pontevedra. O estudantado foi recibido ao comezo da xornada pola subdirectora de divulgación científica, Raquel Pérez,

e ao longo do día o alumnado enfrontouse a unha proba práctica, que tivo lugar en Monteferro e un exame teórico.

En paralelo o centro organizou actividades formativas, que foron as seguintes:

- “*Paleontoloxía 3D*”. Bienvenido Díez e Iván Rodríguez Barreiro
- “*The wall*”. María Araújo e Xurxo Rigueira
- Persoal de apoio: Paula Vázquez e Carmen Romo

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/medio-cento-estudiantes-ensino-medio-participan-campus-fase-galega-xiii-olimpiada-xeoloxia>

Agradécese ás persoas que participaron nas actividades de divulgación e a Raquel Pérez o labor de organización e coordinación. Agradécese a Iago Pozo o seu labor de apoio e orientación.

5 Persoas Egresadas

Publicouse o segundo número da revista “*Materia Prima*”, coincidindo coa celebración do Día Mundial da Enerxía. A publicación está dispoñible na web da Escola e enviouse á lista de correo de persoas egresadas.

Agradécese ás persoas que participaron na elaboración da revista e a Eduardo Liz o seu labor de coordinación e edición.

6 Igualdade

6.1 Día da Muller e da Nena na Ciencia

O día 10 de febreiro, a Escola participou por terceira vez nas actividades organizadas pola Unidade de Cultura Científica e a Unidade de Igualdade para conmemorar o “Día internacional da Muller e da Nena na Ciencia”. Recibimos a 50 nenas de 3º e 4º da ESO do IES Illa de Tambo e realizáronse as seguintes actividades:

- “*The Wall*” (María Araújo, Santiago Pozo e Xurxo Rigueira)
- “*The She-ience Games: Catching Fire*” (Ana Larrañaga e Raquel Pérez-Orozco)
- “*Os Minerais, testemuños da historia, dende Altamira ata a arte urbana*” (Teresa Rivas, Iria Feijó e Enrique Alonso).

Agradécese ás persoas participantes no desenvolvemento das actividades e a Generosa Fernández a coordinación das mesmas.

7 Sistema Garantía Calidade

7.1 Selo EUR-ACE

O 14 de febreiro a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía acolleu unha delegación da ANECA e outra da ENAEE (“*European Network for Accreditation of Engineering Education*”). ENAEE é a entidade internacional encargada de autorizar ás axencias de acreditación e

aseguramento da calidade a outorgar a etiqueta EUR-ACE (*EUROpean-ACRedited Engineer*) aos programas de enxeñaría acreditados.

O Máster Universitario en Enxeñaría de Minas solicitou a avaliación do selo EURACE e está en proceso de avaliación. Foi elixido, xunto cun título da UPM, como título para a avaliación que realiza ANAEE á ANECA. A xornada desenvolveuse con normalidade.

Agradécese a todas as persoas que participaron no desenvolvemento da mesma: as persoas que participaron nas sesións coas dúas delegacións, as persoas que participaron ensinando as instalacións da Escola, e as persoas que participaron na organización:

- Nas sesións: Maribel del Pozo, Joaquín Collazo, Raquel Gandón, Guillermo García, María Araújo, Francisco Deive, Iago Pozo, Generosa Fernández e Elena Alonso.
- Na visita ás instalacións: Raquel Pérez, Ignacio Pérez, Natalia Caparrini, Leandro Alejano, Javier Taboada, Xurxo Regueira, Carmen Pérez, Juan Jesús Rico, Delegación de Alumnado, David Patiño e Iciar Goicoechea.
- Na organización: Carmen Romo.

Agradécese a todas as persoas que participaron na xornada e a Guillermo García o traballo realizado como Coordinador de Calidade.

8 Desenvolvemento das titulacións

- 16 decembro. Visita do estudiantado de 1º curso ao parque eólico Montetourado (Vimianzo). Asistiron 29 persoas acompañadas por Francisco Deive
- 25 xaneiro. A directora impartiu unha sesión informativa ao profesorado do segundo cuadrimestre de 2º e 3º. Asistiron tamén as persoas coordinadoras dos graos e os coordinadores de 2º e 3º.
- 15 de febreiro. María Araújo e Francisco Deive impartiron unha sesión informativa ó alumnado de 4º curso dos graos da escola para tratar o tema do Traballo Fin de Grao (trámites, premios, convenios con empresas) e a viaxe Fin de Grao, que se fará do 24 ó 27 de abril de 2023.

Agradécese ás persoas que participaron nas actividades.

9 Actividade da comunidade da Escola

Carmen Pérez Pérez, Catedrática de Universidade da área de Ciencias dos Materiais foi elixida presidenta da División 4 da “*International Society of Electrochemistry*” (ISE). O ISE é unha organización sen ánimo de lucro con sede en Lausana (Suíza) con presenza mundial. Os seus membros, máis de 3.000 membros individuais e 20 socios corporativos (institucións educativas, empresas, etc.), proceden de máis de 70 países dos cinco continentes. Entre os seus obxectivos figura o avance da ciencia e a tecnoloxía electroquímica, promover a cooperación internacional e a difusión dos avances científicos e tecnolóxicos relacionados coa electroquímica. A división 4 abrangue todos os aspectos da ciencia dos materiais nos que está implicada a electroquímica. É unha das divisións máis importantes dentro do ISE, que agrupa a preto do 50% dos seus membros.

Elena Alonso, directora da Escola, recibiu un dos Premios Enerxéticos 2023 concedido por CLUERGAL (Clúster de Enerxías Renovables de Galicia) e a revisa Dínamo Técnica). A entrega dos premios foi o día 10 de febreiro.

Mercedes Solla, profesora da Escola, foi unha das gañadoras das 60 Becas Leonardo 2022. Concedéuselle esta axuda polo proxecto "Detección temperá da corrosión en formigón armado a partir de datos xeorradar e técnicas de aprendizaxe profundo":

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/investigadora-cintecx-mercedes-solla-obten-prestixiosa-beca-leonardo-fundacion-bbva>

A directora traslada a felicitación a todas as persoas e sinala a importancia e valor que ten para a Escola visibilizar estes referentes.

10 Próximas actividades

- Foro Tecnolóxico de Emprego (28 febreiro, 1 e 2 marzo).
- Actividades extracurriculares
 - Curso iniciación MATLAB (pendente datas, 10 horas).
 - Curso Modelo Dixital Terreo (16, 17, 23 e 24 de marzo das 16:00h ata as 18:30h).
 - Curso "*Scientific writing seminar for MA student*" (4 e 5 de maio das 16:00h ata as 20:00h).
 - Conferencia: "*Os retos da transición enerxética cara un mundo descarbonizado: perspectiva socioeconómica*". Prof. Miguel Rodríguez. Pendente data (mércores ás 13:00h).
- MULLE.RME. Remata o prazo de presentación de fotografías o 5 de marzo.
- Cine-Fórum 2023. A primeira sesión terá lugar o 7 de marzo, e as seguintes terán lugar o 14 de marzo, 2 e 9 de maio de 2023.

Agradécese a Ana Rodríguez o seu labor de organización das actividades extracurriculares, á Delegación de Alumnado a organización do FTE e a Generosa Fernández a organización de actividades de Igualdade.

11 Cambio no equipo directivo

O 1 de xaneiro incorporouse ao equipo directivo Raquel Pérez Orozco en substitución de Iago Pozo Antonio. Raquel asume as funcións de Subdirectora de Divulgación Científica e Captación de Alumnado.

No proceso de reorganización de responsabilidades do equipo Francisco Deive asume as funcións de Coordinador de Relacións Internacionais da Escola.

Agradécese o traballo, ilusión e implicación de Iago Pozo nestes 4 anos e desexámoslle moita sorte e éxitos na súa nova andadura.